

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

EXTRACTO da Orde do 26 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases e se regulan os procedementos para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) e se convocan para o ano 2026 os devanditos procedementos, tramitados como expedientes anticipados de gasto (códigos de procedemento PE120A, PE120B, PE120C e PE120E).

BDNS (Identif.): 882125.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/882125>

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser persoas beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, os propietarios de buques pesqueiros con porto base na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. *Finalidade*

As axudas terán como finalidade:

1. Reducir o impacto da pesca no medio mariño, apoiar a eliminación gradual dos descartes e facilitar a transición a unha explotación sustentable dos recursos biolóxicos mariños.
2. Mellorar a hixiene, a saúde, a seguridade e as condicións de traballo dos traballadores, fomentando así a remuda xeracional e o desenvolvemento profesional.
3. Mellorar a eficiencia enerxética e optimizar o uso da enerxía dos buques para contribuír á mitigación do cambio climático reducindo as súas emisións e o consumo de combustibles.



4. Mellorar a eficiencia enerxética e mitigar o cambio climático, a través da substitución de motores principais ou auxiliares.

5. Incrementar a calidade, o valor engadido e a seguridade dos produtos pesqueiros, mediante o desenvolvemento de novos produtos e a valorización dos existentes, así como os subprodutos e capturas accidentais ou non desexadas que melloren a sustentabilidade da actividade pesqueira.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 26 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases e se regulan os procedementos para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentable para propietarios de buques pesqueiros cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) e se convocan para o ano 2026 os devanditos procedementos, tramitados como expedientes anticipados de gasto (códigos de procedemento PE120A, PE120B, PE120C e PE120E).

Cuarto. *Importe*

Para o ano 2026 as axudas concederanse de acordo coa seguinte desagregación que figura dotada no proxecto de orzamento de gastos da Consellería do Mar para o ano 2026, tramitándose de forma anticipada.

Aplicación orzamentaria: 16.02.723A.770.0, código proxecto 2024.00148 (diminución do efecto da pesca): 500.000 €.

Aplicación orzamentaria: 16.02.723A.770.0, código proxecto 2024.00147 (mellora das condicións laborais e de seguridade a bordo sen aumento de capacidade): 2.500.000 €.

Aplicación orzamentaria: 16.02.723A.770.0, código proxecto 2023.00188 (mellora das condicións laborais e de seguridade a bordo con aumento de capacidade): 400.000 €.

Aplicación orzamentaria: 16.02.723A.770.0, código proxecto 2024.00146 (mellora da eficiencia enerxética e mitigación do cambio climático sen aumento de capacidade): 1.000.000 €.

Aplicación orzamentaria: 16.02.723A.770.0, código proxecto 2023.00187 (mellora da eficiencia enerxética e mitigación do cambio climático con aumento de capacidade): 400.000 €.



Aplicación orzamentaria: 16.02.723A.770.0, código de proxecto 2024.00144 (cambio de motor): 100.000 €.

Aplicación orzamentaria: 16.02.723A.770.0, código proxecto 2024.00149 (incremento do valor engadido, da economía circular e da seguridade alimentaria): 1.500.000 €.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo para a presentación de solicitudes o correspondente ao mesmo ordinal do día da súa publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o último día do mes.

Santiago de Compostela, 26 de decembro de 2025

Marta Barreiro Castro
Secretaria xeral técnica da Consellería do Mar

CVE-DOG: jugbp5j6-bny7-ors8-yky9-ed6d9o9tu4w3

